



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Curso monográfico Como construír e de-construír crenzas limitantes? Auto-percepción e autonomía emocional

CONVOCATORIA: Curso monográfico Como construír e de-construír crenzas limitantes? Auto-percepción e autonomía persoal

GRUPO: Servizo de Estudos, Investigación e Publicacións

ÁREA: Igualdade e violencia de xénero

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	15
ADMINISTRACIÓN:	AU LO UN XU	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	C.MONOGRÁFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 12/11/2019 - 08:00h ao 17/11/2019 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

Esta formación está deseñada en formato obradoiro en que, dun xeito práctico e dinámico, traballarase co sistema de crenzas e valores tales como o respecto, a tolerancia e a empatía, enfocados a mellorar o igual desenvolvemento do alumnado, o empoderamento e a súa auto-percepción, como elementos fundamentais para a prevención da violencia de xénero. Os obradoiros estarán programados de tal xeito que as persoas participantes, non só poidan facer un traballo persoal de aprendizaxe, senón que adquiran ferramentas para poderen transmitir estes coñecementos a outras persoas, dentro do seu rol profesional, mellorando a atención á cidadanía en xeral.

Como principais obxectivos poden destacarse os seguintes:

- Fomentar o emprego de ferramentas propias da educación emocional enfocadas á mellora da auto-percepción, da autoestima e autonomía, como chave para o igual desenvolvemento de homes e mulleres e para a prevención da violencia de xénero.
- Contextualizar a igualdade no marco sociocultural destacando ferramentas e acción adoptadas no relativo á igualdade de xénero e oportunidades e a prevención da violencia de xénero.
- Dotar o alumnado dos coñecementos, competencias e aptitudes necesarias para convivir en igualdade, fomentando o respecto, a tolerancia, e a empatía.
- Identificar e saber destacar as fortalezas e debilidades propias de cada persoa.

Esta actividade formativa en materia de violencia de xénero está a ser financiada con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Igualdade).

DESTINATARIOS

O curso está dirixido ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, das administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, dos seus entes instrumentais e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

PROGRAMA

Os contidos organízanse a partir de dous bloques temáticos:

– Bloque I: Introducción. A construción sociocultural dos estereotipos e crenzas:

- Os estereotipos sociais e os roles de xénero.
- Os nosos sistemas de crenzas e prexuízos: construción e de-construción.

– Bloque II: Estratexias e ferramentas prácticas de aplicación da educación emocional á promoción da igualdade:

- A autoestima, a iniciativa persoal e a capacidade crítica: ideas, prexuízos e conceptos.
- Ferramentas para traballar a autonomía emocional e mellorar a auto-percepción.
- O DAFO persoal e o plan de acción: ferramentas para o empoderamento.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

Tal como establece a base 6 da convocatoria, nos puntos 2 e 3:

2. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo cos requisitos de selección establecidos no punto 3 desta convocatoria.

3. As persoas que oculten ou falseen datos esenciais para a selección serán automaticamente excluídas da actividade solicitada e pasarán ao final das listaxes de todas as actividades formativas que soliciten e cuxo prazo de matrícula comece dentro do ano seguinte contado desde que se detecte o feito.

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 20/11/2019 a 28/11/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME:

DOCENTES NOMEADOS

UNA GRUPO IDEAS FACTORY SL

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 2: Os días 26, 27 e 28 de novembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 11: Os días 20 e 21 de novembro de 16:30 a 19:30. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA